

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO VIII - Núm. 206 — 1.º Nadal 1924

PRECIOS DE SUSCRIPCION

Na Cruña, mes 40 ctmos; Fora, trimestre, 1'50 pesetas.  
América, trimestre, 2 ptas; Coste d' un número 15 céntimos.—Pagos adiantados.

Redacción e Administración RUA REAL 36 — 1.º

A CRUÑA

## O IV centenario de Camões

A grande figura de Camoes é caseque tan estimada en Galicia coma no mesmo Portugal, porque se alí nascéu e a súa Patria deu gloria, descendente era de galegos e pol-as suas veas corría sangue irmá da nosa, como tamén irmá da nosa é a fala en que trazóu as maravillosas estrofas de «Os Lusíadas», o monumento mais grande da Literatura portuguesa, en cuio poema, según frase de Sousa Martins «palpita o corazón da Patria».

Os que facemos culto da nosa fala por a considerar o tesouro mais prezado do espírito da raza, e que loitamos de cote pol-a esalación da consciencia do noso pobo, non podemos deixar de nos sumar a gloriosa efemérides do IV centenario do inmortal poeta que deu espresión a consciencia da nazonalidade portuguesa cando a cobiza do unitarismo ibérico tanto levaba traballando na desnazonalización do seu pobo.

Camoes foi o espírito eleito, o poeta luminoso que sentindo toda a indomábel resistencia da raza á se someter a estranos poderes, acendéu nas xeneracións dos seus compatrianos os podentes ímpetus da independencia nazonal que á nada nin á ninguén se dobrega.

Nos *Lusíadas* están comprendidas todas as traducións e total-as glorias de Portugal; as suas vibrantes páxinas son tamén como o compendio das arelas e aspiracións do pobo lusitano. Así puido decíre Federico Schlegel:

«De todol-os poemas antigos e modernos, non hai outro que sexa tan nazonal nun grao tan elevado».

E Leoni escribiu; «Non so riquísima herdanza de gloria, mais inda un tan patriótico entusiasmo que facendo palpitar os corazóns, nos infunde n'eles os heroicos bríos que serán en todo o tempo a garantía fiel da nosa independencia nazonal».

O poema inmortal —verdadeira epopeia de Portugal— é a obra culminante da poesía portuguesa. Camoes marca a idade d'ouro da literatura lusitana. Pero ten outro valor ainda. Cando os palacianos iban adoutando o idioma castelán como lingua de corte desbotando a fala propia que relegaban as xentes rudas e incultas do pobo, él foi quen cultivóu con todo amor e con grande empeño a fala nazonal, perfeccionándoa e consagrándoa nas suas maravillosos estrofas que mais tarde habían de contribuir d'unha maneira intensa e poderosa para a restauración da nazonalidade portuguesa.

Luis de Camoes nascéu en Lisboa no 4 de Febreiro de 1524 e morreu o 10 de Xunio de 1580, pobre e esquecido dos seus á quenes tanta gloria había dar coas suas obras. So despois da súa morte o nome inmorredoiro de Camoes chegou ao corazón dos portugueses que ao cabo rendíronlle ao poeta os honores que tan escrarecido xentío merecía.

Nas festas do IV centenario, Galicia súmase ao pobo irmán para conmemorar tan famosa efemérides, e únese satisfeita de cumprir un honroso deber.

A Irmandade da Fala, como no comenzo decimos, que ten no seu programa o cultivo da fala galega, tan somellante, irmá, da que Camoes inmortalizóu, non quer deixar de unir os latexos do seu corazón ao latexar dos corazóns que rinden un novo tributo de admirativa veneración a memoria do poeta inmortal.

\*  
\* \*

Como homenaxe ao poeta, e polo interés que ten para Galicia, publicamos un trecho do canto III de *Os Lusíadas* onde se describe a trágica morte de Doña Inés de Castro, a desditosa galega amada do infante don Pedro.

## CXX

Estabas, linda Ignéz, posta em socego.  
De teus annos couthando o doce fruto.  
N'aquelle engano da alma, ledo e cego,  
Que a fortuna nao deixa durar muito;  
Nos saudosos campos de Mondego,  
De teus fermosos olhos nunca enxuito.  
Aos montes ensinando, e as hervinhas  
O nome, que no peito escripto finhas.

## CXXI

De teu príncipe ali te respondian  
As lembranças, que na alma lhe moravam,  
Que sempre ante seus ollos te trazian,  
Quando dos teus formosos se apartavam;  
De noite em doces sonhos, que mentiam,  
De día en pensamentos, que voavam:  
E quanto con fin cuidava, e quanto via,  
Eran tudo memorias de alegría,

## CXXII

De outras bellas senhoras, e Princezas  
Os desejados thalamos engeita:  
Que tudo enfin, tu, puro Amor, desprezas  
Quando um gesto suave te sujeita.  
Vendo estas namoradas estranhezas  
O velho pai sisudo, que respecta  
O murmurar do povo, e a phantasia  
Do filho, que casar-se não queria.

## CXXIII

Tirar Ignéz ao mundo determina,  
Por lhe tirar o filho, que tem preso;  
Crendo co'o sangue só da morte indina  
Matar do firme amor o fogo aceso.  
Que furor consentio, que a espada fina,  
Que pode sustenta o grande peso  
Do furor Mauro, fosse alevantada  
Contra uma fraca dama delicada?

## CXXIV

Trazian n'a os horrificos algozes  
Ante o Rei, ja movido a piedade;  
Mas o povo com falsas, e ferozes  
Razoes a morte crua o persuade.  
Ella com tristes, e piedosas voces,  
Sahidas so da magoa, e saudade  
Do seu príncipe, e filho que deixava,  
Que, mais que a propria morte, a magoava.

## CXXV

Para o ceo cristalino alevantando  
Com lágrimas os olhos piedosos,  
Os olhos, porque as maos lhe estava atando  
Um dos duros ministros rigorosos,  
E despois nos meninos attentando  
Que tao queridos tinha, e tao mimosos,  
Cuja orphandade como mai te nia,  
Rara o avô cruel assim dizia:

## CXXVII

Oh tu, que tens de humano o gesto, e o peito  
(Se de humano é matar una doncella  
Fraca e sen forza so por ter sujeito  
O Coração a quem soube vencel-a  
A estas criancinhas ten respeito,  
Pois o nao tens a morte escura l'ella:  
Movate a piedade sua, e minha,  
Pois te nao move a culpa que nao tinha.

## CXXX

Queria perdoar-lhe o Rei benino,  
Movido das palavras, que o magoam;  
Mas o pertinaz povo e seu destino  
(Que de'esta sorte o quiz) lhe nao perdoar  
Arrancan das espadas de aço fino  
Os que por bon tal feito allí apregoam.  
Contra uma dama, oh peitos carniceiros,  
Feros vos amostrais, e cavalleiros?

## CXXXI

Qual contra a linda moca Polyxena  
Consolacao extrema da mai velha,  
Porque a sombra de Achilles a condemna,  
Co'o o ferro o duro Pyrrho se aparelha:  
Mas ella os olhos, com que o ar serena  
(Ben como paciente, e mansa ovelha)  
Na misera mal postos, que endoudece,  
Ao duro sacrificio se offrece:

## CXXXII

Taes contra Ignéz os brutos matadores  
No collo de alabastro, que sustinha  
As obras, com que amor matou de amores  
Aquelle, que despois a fez Rainha,  
As espadas banhanlo, e as brancas frores,  
Que ella dos olhos seus regadas tinha,  
Se encarnicavam, férvidos e frosos  
No futuro castigo nao cuidadosos.

## CXXXIV

Assim como a bonina, que cortada  
Antes do tempo foi, cándida e bella  
Sendo das maus lascivas maltratada  
Da menina que a trouxe na capella  
O cheiro traz perdido, e a cor murchada  
Tal está morta a páliã donzella  
Seccas do rosto as rosas, e perdida  
A branca e viva cor, co'a doce vida.

## CXXXV

As filhas do Mondego a morte escura  
Longo tempo chorando memoraram;  
E, por memoria eterna en fonte pura  
As lágrimas choradas transformaram;  
O nome lhe puzeran, que inda dura,  
Dos amores de Ignéz, que allí passaran.  
Vede que fresca fonte rega as frores,  
Que lágrimas sao a agua, e o nome amores.



# A festa do homenaxe a Camoes

Celebrouse no día 27, na fermosa sala do Teatro Rosalía Castro a festa organizada pol-a Real Academia Gallega en conmemoración do IV centenario do grande poeta.

Despois d'unhas verbas do Sr. Ponte Blanco, Presidente da Corporación, que abriu o acto académico, o noso irmán Sr. Lugrís Freire den lêtura ao seu discurso que foi moi apraudido.

Estuda o Sr. Lugrís a orixen común dos pobos occidentales da Gran Hispania, que teñen unha mesma luz de alborada alumando os seus hourizontes, indicándolles un mesmo camiño á seguir na vida.

Analiza a formación do reino de Portugal e cita os moitos elementos galegos que intervieron naquela, hastra chegar á Luís de Camoens o inmortal poeta lusitano descendente do galego Vasco Pérez de Camoens.

Logo fala da importancia que ten *os Lusíadas* para Galicia, afirmando que se non pode ser bon escritor galego sen leer e estudar primeiro a Camoens.

Fai destacar a persoalidade do poeta como gran patriota que acendeu co seu verbo esgrevio o sentimento nazonal no pobo portugués.

Cita despois o paralelismo que existe entre diferentes poetas portugueses e galegos de distintas épocas, comparando a Mariano de Castilho coa nosa Rosalía, e a Guerra Junqueiro con Curros, que tanta somellanza tiñan, e romata manifestando que os descendentes de Vasco da Gama e Cristobal Colón, que realizaron os feitos mais groriosos e transcendentales da historia despois da nacementa de Xesucristo non poden alentar cousa mellor nin pensamento mais grande que o de se axuntar nunha irmandade nobre, forte e podente que contribuya ao maor engrandecemento dos dous pobos. Foi moi apraudido.

O Sr. García Acuña, en representación do Sr. Cónsul de Portugal, que está doente, pol-o que non puido asistir ao acto, o que lamentamos, falou de Camoens como poeta castelán, asegurando que igualmente escribía en portugués que no idioma de Castela que tanto amaba.

Ao noso modo de ver, o Sr. García Acuña conoce pouco a obra do grande poeta portugués.

Por doenza, tamén de sentir, do Excmo. Sr. Marqués de Figueroa, non puido éste tampouco asistir ao acto. Enviou unhas cuartillas, admirabres, como suas, en que nos fala da igualdade, da irmandade, entre Portugal e Galicia, e do sentimento nazonalista de Camoens. Estas cuartillas foron lidas pol-o Sr. Martínez Morás e acollidas con grandes aprausos.

O Sr. Lugrís da, logo lêtura á fermosa poesía do noso gran Pondal, que publicamos n-outro lugar da revista, titulada *A Fala*, que e premiada con aprausos ruidentes.

Finalmente ocupa a tribuna o ilustre poeta portugués Euxenio de Castro que é saudado por un aprauso formidabile

Encomeza dicindo como hai vintacatro anos. veu á Galicia e atopou aquí coma unha prolongación da sua Patria.

A paisaxe e as almas parecéronlle paisaxe e almas portuguesas, e para que a ilusión fose maor, até a fala no seu espírito e na sua forma pareceulle tamén a sua fala portuguesa.

Di como aquel viaxe de uns días por terras de Galicia deixou grata e profunda lembranza na sua alma, que agozo ao voltar vello, vive momentos do delicado sentimento que Almeida Garret definiu dicindo:

«Saudade, gosto amargo de infelices.

Delicioso pungir de acerbo espinho».

Agradece á Real Academia Gallega a deferencia de o invitare para tomar parte no acto que se verifica en conmemoración do IV centenario de Camoens: gloria máxima de Portugal, pero gloria tamén de Galicia.

Refírese logo á Cruña, e di que ao chegar agora a esta cidade viu nas rúas os fantasmas das inmortaes figuras de Rosalía Castro, Curros Enríquez e Pondal, vendo tamén ao notar a desaparición d'estas figuras, outro fantasma mais, o fantasma da sua mocidade xa distaute.

Despois entra de cheo no asunto do seu discurso, que denomiina «boceto da vida sentimental do autor de *Os Lusíadas*», e di que Luís de Camoens non tería sido o extraordinario poeta que foi se non tivese amado como amou. No amor orixináronse todas as disgracias da sua vida, mais foi compensadamente o fogo do amor que subremou a sua inspiración.

Fai un estudo minucioso e documentado, cheo de interés, da parte lírica da poesía camoneana; relata algunns detalles da vida do poeta, e como durante a sua estancia en Mozambique compuxo o seu «Parnaso», onde están as suas mellores poesías líricas.

Fala das fontes da inspiración lírica do poeta e sinala que a «Natercia» de Camoens non e outra que Doña Catalina de Ataíde, filla de Don Antonio de Lima e dona María Bocanegra. Facendo un interesantísimo estudo acerca d'algunhas das musas inspiradoras do poeta.

Di como hai obras de arte cuio encanto ven non sô da sua propia beleza senon tamén do misterio que as envolve, sendo igualmente certo que na vida dos mais grandes poetas, hai sempre circunstancias prosaicas, cuia divulgación perxudicaría o efecto artístico das suas obras.

Pol-a miña parte — romata dicindo —, confeso que endexamais me consolarei do desgusto que tiven cando soupen que Laura, a inspiradora de Petrarca, tivo materialmente un marido que non tiña nada de poeta e do que coucebiu nada menos que once fillos.

Unha prolongada ovación puxo fin á fermosísima disertación do doutor Euxenio de Castro.

O Sr. Carré Aldao ofrecéu en nome do Alcalde, ao que representaba, un fermoso *bouquet* de froes á Sta. Constanza de Castro, filla do ilustre poeta, e pediu un aprauso ás donas cruñesas para as suas irmãs de Portugal.

C'un aprauso formidabile pechouse tan culto acto.

\* \* \*

En agasallo do ilustre poeta Portugués Dr. Euxenio de Castro, celebrouse un banquete no Atlantic Hotel.

O grande poeta para corresponder aos desexos vehementes dos seus moitos admiradores, deu, na popular Reunión de Artesanos, lêtura a algunhas das suas admirabres composicións que foron apraudidísimas.

## A censura debz existir

Eis un asunto que me leva preocupado fondamente has- tra o punto de me tirar o sono algunhas noites. Moito lévase falado de si convén ou non que os gobernantes exerzán a previa censura co'a prensa e tamén cos libros e actos públicos. Despois de moito maduralo, de contrastar os prós e os contras viñen a tirar a conclusión de que a censura é unha cousa moi comenente e práctica non so- mentes para os que gobernan senón tamén para o país gobernado. Imos a poñer como exemplo demostrativo da miña tesis o caso actual de Hespaña.

Veu o Directorio a salvar a Hespaña, así o reconece- mos todos, honradamente, da bancarrota a que a levaron os políticos do *viejo régimen*. Para unha obra de tal natu- reza se non pode señalar un determinado tempo pois a importancia da mesma e a comenencia da súa realización somentes poden indicar o desexo de que se realice o mais axiña que se poida para ben de todos. Mais nunca a trinta, sesenta ou noventa días sen mais prórroga.

Labor tan interesante, se non pode negar, como a que ven efectuando o Directorio, necesita da axuda de todos e no caso de que houbera alguns, nunca faltan espíritos cativos que non se dan por satisfeitos nunca no seu afán antipatriótico de entorpecer a labor dos gobernantes, con- trarios a ela, pois é preciso que non falen, faeel-os calar relixiosamente ante a magnitude da obra que se ven levando a cabo. Eis a censura. Unha das mais grandes felici- dades d'un país é ser ben gobernado. Para gobernar ben, a gusto, cómodamente, é un estorbo a oposición. Esto pol-o que fai ao orde xeneral da gobernación; mais hai tamén casos particulares, no caso actual de Hespaña, que demostran ivefutabremente a necesidade do exercicio da censura e as ventaxas enormes da súa existencia. Vexamos:

Pol-as notas oficiosas e pol-o que se deixa ver pol-a prensa agudízouse agora o problema de Africa. Non per- mitindo a censura que os xornás poidan ceibar ao voo a súa fantasía evitámonos que a prensa, pol-o menos a mal intencionada, nos diga, fose certo ou non, que o pasa- do alí foi catastrófico arrepiándonos cos seus relatos macabros e fantásticos que non conducen mais que a deprimir o ánimo dos cidadans. Co'a censura enterámonos con exactitude do sucedido e d'esa maneira o pobo hespa- ñol pode seguir sostendo o seu exaltado patriotismo e pacencia seculares. Se non houbera censura habería que que ver a certa prensa fantaseando encol do caso de Bar- celona e da fronteira francesa, feitos sen importancia os cales exprotarían as axencias periodísticas para aumentar as suas tiradas e vender números como o pan bendito. Eles conocen á maravilla a idiosincrasia folletinesca do pobo hespañol. Lembrémonos do crime do correo de An- dalucía d'outros moitos e das nenas desaparecidas que non sei como os censores permiten se lle dé unha tan extraordinaria importancia a un feito que non tén ningun- ha. Vésaxe pois como co'a censura evitase e espeitáculo pouco honroso de ver á prensa hespañola convertida n'un folletín, facendo que se preocupe de cousas de mais importancia e transcendencia, e nós, os cidadans hespa- ñoles, podemos seguir conservando a nosa beatífica situa- ción sen que nos amarguen a nosa preciada existencia re-

latos e mais relatos inverosímiles de película disparatada e charlotesca.

Outra ventaxa innegable é a seguinte: Un exaltado cal- queira, que nunca faltan, quere publicar un artigo non axeitado ás normas da situación vixente e como denantes de publicarse ha de pasar pol-a censura pois o censor co seu protector lápiz bermello, pódelle evitar unha multa, un destevo ou uns anos de carce. ¿Quérense mais ven- taxas?

Se non abondara co'as expostas fica intanxible a mais primordial. Que para salvar a Hespaña hai que o arros- trar todo e nada importa que durante unha tempada a opinión se non poida manifestar se a costa d'ese pequeno sacrificio ha Patria a de ficar salvada. Podería tamén repe- tir o que con acerto vense decindo a cotío. Que censura desperta a intelixencia e o pensamento dos escritores.

Para remate, como comenencia propia e ventaxa egoista para min, eu pediría que non se levantara a censura pol-o menos hasta que dera remate o campeonato de fútbol en Galicia pois e problema que absorve todo o meu pensa- mento e non quero preocuparme d'outras cousas hasta que fique completamente resolto problema de tanta trans- cendencia.

VICTOR CASAS.

## L A R

púxose a venda o primeiro número que pu- blica a novela inédita

### A miña muller

orixinal do formidabre humorista

Wenceslao Fernández Flórez

**30 céntimos**

Pedidos ao Administrador de LAR Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Suscripción a 6 números 1'60

O número 2 sairá o sábado 20 de Nadal e comprenderá a fermosa novela

### O Anarquista

orixinal do notabre escritor

Leandro Pita Romero



COUSAS QUE SE NOS VAN

## A MALLA

É unha mañán do mes d' Agosto. O sol queima. A eira está chea de xente que se move d'aquí para alí preparando a malla. Enriba da meda está un tirando pra abaixo monllos a eito. Cando os molllos veñen pol-o aire soltan un polvo fino que brila ô sol como si fose d'ouro. Os monllos vannos poñendo pol-a eira adiante. Uns de pé ca espiga pra riba. A espiga dóbrase co peso do grau e brillan o sol como cabelos roibos. Outros esténdenos a o xeito pra ser mallados. A eira está limpa d'areas e terra. Unha capa de bosta dalle un ser suave e doce como si a cubrira unha manta. Rodéana figueiras e outros álbores. Das polas colgan mallos, ensiños, chaleques, faixas e outras cousas. Debaixo, a sombra, están rapaces e nenos sentados que veñen â xolda. O día da malla niuguén da casa traballa n-outra cousa. Todos teñen que facer alí. Oos rapaces carrexan auga fresca para os malladores; as as donas aparénllanl-o xantar, e os demais axudan no que se poida e sea perciso.

Xa está todo preparado. Os malladores están dispostos tamén. Son déz, doce, ou mais. Según sea a eira é o trigo que haxa que mallar. Todos están en camisa ou elástico, descalzos ou en alpargatas. Os que teñen camisa desabotónana no pescozo, deixando o peito a recacho. Algús amosan uns pelos grandes e espesos como de peito de lobo. Todos poñen ô pescozo un pano branco ou de color, según lles cadra. Non sei si para recollel-o suor ou para que o sol non lles pique tan forte.

Na eira hai unha alegría como de festa. Os falan alto uns cos outros, e dinse bromas entre grandes e barulleiras risotadas. O mesmo elas e todos entre si. As chanzas e donaires andan de boca en boca picantes como abellas. As veces unha risa xeneral de todos a un tempo salta brincadora e aloucada celebrando a ocurrencia. Están as caras encendidas como tizós. Ferbe o sangue nos corpos. «¡Ei, rabial!».

Empeza a malla. Van os homes pouco a pouco, mitá de de cada lado. Todos a compás, cada un o seu tempo: ¡plin! ¡plan! ¡plin! ¡plan! ¡plin! ¡plan! Acabáronse as bromas. Por un momento perden a malla o aire de festa que tiña. Agora solo se oe algunha palabra formal e o bourar dos mallos ¡plin! ¡plan! ¡plin! ¡plan! E que a xente aínda «non entróu en calor». Están os corpos vencendo a resistencia quealcontran sempre nos primeiros momentos d'un traballo forte. Cando os homes levantan os mallos vense os pértegos no aire dar voltas así como de mala gana, como por forza.

¡Xa entra a xente en calor! O vello Chinto botóu unha das suas que a todos fixo rebulir. Atopóu un monllo duro

que non botaba o grau. A xente parece que non cargaba o bastante —«¡Cargar, rapaces, que tremal ¡Ei, corciol!».

Os homes agoran cargan de alma. Estiran os corpos e doméanse como brinbios. Suben e baixan os mallos mais a presa. Cando están no aire os pértegos brincan direitiños que mesmo parece que eles solos se manexan. Dos labios da moza que anda c'unha xesta xuntando os grás de trigo que saltan «fora» da eira, sal unha broma que pon colorado a un dos malladores xóveues. Este devólvea axudado pol-os compañeiros. Entra a malla de cheo no seu carácter de festa. Festa de sol, de traballo alegre e farturento. De risas e chanzas, de licencias graciosas, de promesas d'amor. Os petos dos mallos son mais fortes e sostiños que denantes. O seu compás saltan pol-o aire os gras de trigo, que vistos a través dos raios do sol somellan gras d'ouro. Os rapaces brincan por riba dos monllos dando voltas e pinchacarneiros. Os gritos e risas d'eles xúntanse c'os dos homes e fan barullo de brincadeiro que chaman a cantos pasan por alí. Os gorriós novos tamén axudan co seu arreo chiar. Hai olor a graneiras chicas, a pan novo, a forno cocendo. Respirase partura e benestar.

\*  
\*\*

A malla parece un vello rito dos dioses celtas. Ten algo d'ofrenda de relixiosidade primitiva. Os malladores fan como si quixeran apracal-a furia d'algún esprito infernal Domean os corpos con soltura e gracia, firmes sobre das pernas recias. Teñen un rimo d'armonía que mesmo parece que lles sal da alma.

Esta de que falo aquí xa fai tempo que a vin. Foi aló pol-os primeiros anos, na aldea donde nacín e me criei, entre toxos e queiroas, oindo o canto do cuco. Hoxe cáseque non se ven. Hoxe fanse a máquina. Será unha cousa moi boa. Pero a min dame moito sentimento velo. Unha malla na nosa terra feita a máquina paréceme algo así como un peilán vestido de señorito. Unha cousa desnaturalizada.

¿Non haberá un pintor noso que recolla n'un cadro este trozo de vida galega, antes que desaparezca por completo? Dentro de pouco tempo xa non se verá.

JOSÉ LESTA MEIS.

## LAR

Lea vostede esta importante novela quincenal que se edita na

Imprenta MORET

Marina, 28 - A CRUÑA

## DE ACTUALIDAD

## O DILEMA

Non sei dónde nin sei cándo — o tempo y-o lugar son circunstancias sin valor para as verdades eternas — lin unha graciosa sentenza que sería difícil precisar si foi concebida n-un momento de bon humor, n-un instante de franca cazurrería ou n-un arrebatado de misticismo ideolóxico; de ese misticismo que embebeda e perturba e que unhas veces leva á visión profética i-outras ó desvarío.

Pouco podo repetir sobre dos motivos que provocaban a sentenza. Sei somentes que a sentenza rezaba así: «A un lado os que entendemos que o aforro e unha virtude social; necesaria pol-o tanto, un dereito natural a propiedade. O outro os que queren a igualdade da miseria, atacando o aforro e a propiedade».

A humanidade queda, pois, dividida según o noso regocixado autor en dúas castas: a dos aforros, respetosos do dreito de propiedade, e a dos disipadores, enemigos irreconciliables de ese dereito, e, de consiguiente, anarquizantes hastra as orellas. Os desherdados, os que traballan sin acougo c'ó fin de vivir o mellor que poidan; que pasan longas vixilias no estudio e consagran os seus desvelos ó ben da humanidade, sin outro estímulo qu'ó de ser útiles os demais e, si acaso, conquistar un loureiro que exorne o seu nome, eses si non teñen un talonario de cheques e uns inquilinos a quenes apechugar, pasarán pol-a forza o segundo grado da clasificación.

Ben sei que o autor non chega a facer unha afirmación tan categórica. Limítase a ensalzar a virtude do aforro e a asegurar que quenes como él a consideren en virtude necesaria, serán uns — os bós — e os que non-acaten ese xuício, serán outros — os malos.

Non será aventurado, sin embargo, afirmar que un espírito simplista capaz de establecer aquel dilema, non admitirá que non aforre quen considere o aforro como unha virtude social necesaria, nin aceptará tan siquer que haxa quen non aforre por non ter que aforrar. Convencido da necesidade da virtude do aforro, o home de menos bes e de menos voluntá será aforrón. ¿Cómo? Quitándollo ó corpo, se fora preciso, ou quitándollo ós demais, Pois, en definitiva, como él realiza un feito de carater social, evitando que outros o despilfarran, serán estes uns dos beneficiados, xa que o que é bon para a sociedade e bon para todos e cada un dos que a compoñen.

Hastra o do agora, tíñase a virtude do aforro como unha de tantas virtudes que poidéramos chamar domésticas, co a sua innegable influencia na economía social.

Mais, teremos que declarar que non era esa a que ocupaba o lugar preminente. Dend'a mais remota antiqüidade tívose en mais ó home honrado que ó aforrón. Considerouse sempre, inda na vida íntima e socialmente embriolóxica da tribu, que ten que vencer mais tentaciós quen respecta o alleo — muller, bés ou honra — que quen garda o que adquiríreu; por tanto, que a que-lo é unha virtude en todo o amplo sentido de esta verba, sin que supoña a negación d'outra ningunha, namentras que esto pode sel-o tamén solo a condición de que non se malograse, como tal virtude, no seu orixen. Por que de certo é unha virtude gardar o que se adquiriu lexitimamente; mais será o contrario a de aforrar o que non nos pertencece.

E aínda o aforro considerado en sí, sin antecedente algún, ofrece diversos aspectos para a su cualificación. O aforro do avaro que con tal de amontoar bes o seu arredor non vacila en pasar privaciós de todo xénero ¿pódese chamar virtude? O do que, cugulado de riquezas, capitaliza un considerabre excedente cada ano despois de gastar e malgastar canto quixo n-unha vida chea de superfluidades ¿alcanza tamén aquéla categoría? E como si se chamase casto a un luxurioso que, satisfeitas as suas dinamicidades, renunciase unha nova ocasión de pracer.

Os aforros pertencen a total-as castas. Mais o que os diferencia entre eles é algo así como a su patente sanitaria. Patente sucia ou patente limpia. E non será xusto, nin haberá aforrón decente que o tolere, dar o mesmo trato ós que poidéramos chamar virtuosos do aforro é ós profesionales. ¿Quén se atreverá a meter n-un mesmo feixe ó home honrado, austero, sobrio que, gracias a estas lexitimas virtudes, poido reunir uns poucos bés, e a meritriz xubilada, o usureiro sen concencia ou o contrabandista con sorte que co as suas «contravirtudes» lograron amontoar unha saneada fortuna?

Todol-os dilemas en que se queren sintetizar os grupos e a significación social ou política d'un pobo, ofrecen sempre o peligro de ser insuficientes, para comprender a gama infinita de variedades ideolóxicas da humanidade. Pero éste que presenta como únicos términos a propiedade e a igualdade na miseria (?) e tan precario e cativo que non pode ser formulado en serio por quen teña concencia da propia responsabilidade.

ARTURO TARACIDO



## MORREU D. SANCHO EN UCLÉS

Magoado está de tristura  
 Don Alfonso, o nobre rei  
 que fai nas vellas estorias  
 o sesto do nome seu.  
 Magoado está de tristura  
 que o tempo, no seu correr,  
 leva forzas e contentos  
 e trai floxedade e fel.  
 Fixérase xa de días  
 trás de loitar e vencér,  
 e as doenzas quebrantaran  
 o corpo, que non a fé  
 pois anque en anos cumprido,  
 no lume da groria a arder,  
 soña con deixar a Hespaña  
 ceibada de xente infiel.

Gañada ós mouros Toledo  
 n-ela ten asiento o rei,  
 que adoura a cibdade sagra  
 que tanto custou toller.  
 Con Doña María a Zaida  
 calmados seus dores vé,  
 que ten a moura cristiana  
 a man mais dóce que o mel,  
 cando chega mala nova  
 que grande cramor erguéu:  
 Miramomelín, ousado,  
 tenlle posto cerco a Uclés  
 e con fortes bastimentos  
 e grande estrondo, caíeu,  
 como lobo sobre ovella,  
 o seu castelo a bater.

Moito dolor Don Alfonso  
 houbo n-elo padecer;  
 e chamando pol-os Condes  
 que en Toledo son con él,  
 para mellor acomodo  
 concello con eles ten  
 no que acordou alá foran  
 o castelo a socorrer  
 levando ó frente, bandeira  
 e capitán a unha vez,  
 o neno infante Don Sancho  
 no que o seu cariño vé  
 o reino alongado e forte,  
 o seu trono a froreecer;  
 e cando para a saída  
 a hoste disposta véu  
 a Don García de Cabra  
 encarga lle vai faguer  
 de que como pai ampare  
 ó que de aío sirvéu.

Cabeceiras das mesnadas  
 e co-a bendición do rei,  
 colleron os cabaleiros  
 eu dereitura de Uclés.  
 Chegados que ó campo foron  
 de súpeto entraron n-él  
 a lidar rexos, en onde  
 estaba o maior poder.  
 Alí foi o embate rudo  
 como nunca outro se veu  
 que os brados, o sangue e o ferro  
 fan a terra estremecer.  
 Ben o infante D. Sancho  
 mostra o brazo de onde ven  
 e que, ó par, leva de Zaida  
 sangue nas veas a arder.

O bravo potro domea,  
 solta, revira e contén,  
 a lanza valente adianta  
 con forte man, sin tremer,  
 e fai da espada punxente  
 raío encendido no céu,  
 anque doce primaveiras  
 inda no-alcanzou a ver.  
 No mais duro da batalla  
 o infante en terra caíeu  
 berrando ó Conde, seu aío,  
 que loita con mais de cen;  
 «¡Perdín o cabalo, Conde!  
 ¡Conde, víndeme acorrer!»  
 Ó ver García de Cabra  
 que D. Sancho en terra déu,  
 descabalgando con presa  
 e pódose diante d-él  
 defendéuno co-a sua espada,  
 c-o seu escudo o cubréu  
 até que feridos xuntos  
 xuntos caíron tamén.

¡Mala a houberon os cristianos  
 diante dos muros de Uclés!  
 ¡Ó fío das cimattarras  
 dos fillos de Mahomet  
 sete Condes foron mortos  
 e con eles fenecéu  
 o neno e garrido infante  
 Don Sancho, fillo do Rei,  
 que inda doce primaveiras  
 non mirara froreecer!

Cando o Conde Alvar Fernández  
 o cabaleiro mais fiel,  
 c-o de Calespina alcanza  
 en Toledo parecer,  
 salvados non sin traballos  
 do triste día de Uclés,  
 o rei Don Alfonso o sesto  
 seu dor así lles plañeu:  
 «¡Ai meu fillo, meu filliño,  
 soáz da miña velléz!  
 ¡Hú mo deixástedes, Condes,  
 que xa de vel-o non hei?  
 ¡Ai, meu espello belido  
 no que me soía ver  
 e no que meus tristes ollos  
 tomaban tan gran pracer!  
 ¡Ai, meu herdeiro maior  
 por forzas de amor e leil  
 ¡Dádeme o meu fillo, Condes,  
 que sin él hei de morrer!  
 ¡Dádeme o meu fillo, Condes,  
 soáz da miña velléz...!»

Así contan as estorias  
 morréu Don Sancho en Uclés,  
 así din que Don Alfonso  
 a sua perda plañeu.  
 ¡Nunca chorarás, Galicia,  
 o que para tí morréu  
 o día que o neno infante  
 finóu no campo de Uclés!  
 ¡Mais que seu pai o chorara  
 tiñas de chorar por él!  
 ¡Si él non morrera, Galicia,  
 outra virías a ser,  
 que non viviras de alleo  
 podendo vivir do teu!

RAMÓN CABANILLAS

# Festas gallegas

## Foliadas e Cántigas, de Pontevedra

Fixo este coro unha *tournee* pol-os teatros de Galicia que lle valen moitos aprausos.

Tivemos ocasión de o ver na Cruña, e poidemos xusgar pol-as obras presentadas, que esta agrupación preocupase de buscar unha nova orientación na súa modalidade, o que é dino de gabanza.

«A Dona do Agrario» é un pasatempo non certamente dos de mais valía con que conta o Teatro galego; cousas ben mais mellores temos visto, e no tocante á «O Pote», anunciado pomposamente como opereta, non é nin siquera unha zarzuela, senon simplemente un ensaio, inferior como obra musical e de conxunto á aquel outro que hai, algún tempo estreouse na Cruña, con letra de Salinas e música de Xesús González e Faustino del Río. se ben ten algunha escenas ben trazadas, como aquela da carta, no primeiro acto, e outras, como o comezo do 2.º acto onde interven o coro, hai unha típica danza de espadas, e outras cousas que demostran canto se pode facer cos elementos que proporcionan as nosas costumes.

A interpretación regularmente; quizais, así o creemos. debido aos molestísimos viaxes. En xeneral a representación agradou. Pero o que mais aprausos outuvo foi o señor Mercadillo na súa estupenda interpretación de melodías galegas, E un artista que non se cansa un de ademar e que se fai apraudir con entusiasmo.

## Ecos da Terra, do Ferrol

Un novo conxunto artístico que fixo hai pouco tempo a súa aparición gustando moito.

Propónse visitar a Cruña para se dar á conecer do público da Capital de Galicia á cuio aprauso aspiran todas as agrupacións artísticas da Rexión. Non en van a Cruña é a cidade mais importante e onde mais interese despertan toda cras de manifestacións artísticas que tenden ao engrandecemento da Terra.

## Saudade, da Cruña

Éis unha agrupación coral que se decatou do verdadeiro camiño á seguir en ben da cultura musical e artística de Galicia.

Os cantos folk-lóricos xa están recollidos e déronse a coñecer ás nosas xeneracións que tiñanos esquecidos; mais agora compre facer algo mais. Ben está conservar, pero mellor aínda é crear. «Saudade» vai á creación de nova música.

As escenas de costumes interpretadas por estes coros con acompañamento de orquesta; marcan unha nova etapa na vida dos coros rexionais, e por elo compre felicitar ao inspirado Mestre-Director da agrupación Mauricio Farto, que tan ben sinte a nosa música, e que compuxo tan belas páxinas, e ao noso irmán Leandro Carré, que maxinou a nova modalidade, e escenas, escribindo tamén a letra das composicións.

O éxito acadado pol-a Agrupación «Saudade» será con certeza confirmado ondequeira que se presente.

Sen espacio hoxe para mais, falaremos con maior detalle da labor d'este coro xa qua a súa presentación será o do corrente.

## O diario "GALICIA"

Este quiridísimo colega vigués pasou a ser propiedade do noso entrañable irmán Valentín Paz Andrade que viña dirixíndoo con gran acerto en cuio posto continuará n'esta segunda etapa do citado xornal.

Varias veces temos manifestado a opinión que nos merece o simpático rotativo. Outras, e aínda recentemente, intentámol-o sen conseguir facel-a pública. «Galicia» e para nós o xornal galego mais galego, mais propio e mais moderno. Nos dous anos que ten de vida conquiriu pórse á cabeza da prensa de Galicia pol-a súa modernidade, pol-o seu galeguismo sentido sinceramente, pol-a escollida ringleira de colaboradores, pol-a súa sensatez en total-a- cuestións nas que tivo que expoñer o súa opinión e por cantas modalidades, por cativas que parezan, carezterizan a un orgo de publicidat que antes que a ninguén débese ao público. E xa se vé como este corresponde ao afán do diario pois cada día véndese mais. «Galicia» fai honor verdadeiramente ao seu nome que é tamén a súa única política. A de servir a Galicia nobremente, patrióticamente en todol-os ordes.

Con Paz Andrade sigue compartiddo a tarefa directiva e ourentadora de «Galicia» o tamén querido irmán noso Roberto Blanco Torres e agora pasa o axudar aos gran Cabanillas jo ilustre Poeta da Raza! Non son éstos tres nomes unha completa garantía? «Galicia» acrecentará a popularidade que xa posee e afirmarse rotundamente como o verdadeiro xornal galego.

Con este feliz motivo renovamos a «Galicia» e aos tres queridos irmans o noso profundo cariño e o desexo de que conquiran un éxito definitivo ao fronte do xornal vigués. honra da prensa galega e constante heraldo das arelas renovadoras da Nosa Terra.

## Exposición Guillermo Filipe

No salón do Concello municipal expón o mozo pintor portugués Guillermo Filipe 45 cadros que estivemos a ollar. A impresión que nos produxo é grandemente agradable gustándonos mais no retrato que na paisaxe na que lle atopamos algunhas deficiencias de colorido e técnica que en troques no retrato coidamos ver non existen tan acusadas. Na paisaxe está ourentado n'un senso modernista que non nos convence e do que lle aconsellamos trate de fuxir. Entre os retratos que expón figuran algúns que parecen feitos por un consagrado destacándose entre eles os dos poetas Euxenio de Castro e Teixeira de Pascoas que están ben. Parécenos que Guillermo Filipe conquirirá mais éxitos adicándose de cheo ao retrato no que lle agarda un brillante porvir.

Aínda e novo e continuando tan ben como comenza pode abranguer unha mais grande perfeición e milloramento que faga d'él ún dos mellores pintores portugueses.

A nosa cordialísima embora.



NO CIRCO DE ARTESANOS

## Unha conferencia de Euxenio Montes

Este noso querido irmán e cultísimo colaborador pronunciou unha fermosísima e interesante conferencia no Circo de Artesanos o día 17 do pasado Novembro versando encol de tema tan atractivo como «O onte e o mañán da cultura galega».

Foi presentado o conferenciante por Antón Villar Ponte, quen, tamén en galego, pronunciou unhas verbas interesantes de gabanza de Montes facendo contrastar axeitadamente a súa cultura e a súa labor idealista coa inercia e falla de ideás da mocidade actual que non ten máis aspiracións que os deportes, conocer as marcas de automóveis e outras cousas pol-o xeito carentes de idealidade. Moi atinadas e oportunas verbas que merecén a nosa embora.

A conferencia de Montes foi unha verdadeira preciosidade en todol-os ordes. Mais no literario que no fondo do traballo que se nos antoxa un introilo do moito e bon que nos podería decir n'unha disertación máis preparada ou n'unha serie de artigos nos que él é mestre. As cuartillas que leu son unha primorosa obra literaria e poética abundante de fermosas conceicións e pasaxes que cautivaron ao auditorio que ao final apraudiu con cariño a fermosa disertación. Nos aforramos reseñala pois no próximo número terán ocasión os nosos lectores de saboreala íntegra.

A nosa felicitación máis entusiasta ao querido Montes ún dos rapaces de máis valía da actual mocidade galega que con exemplar patriotismo traballan pol-a exaltación e cultura da nosa Galicia.

## OS COROS GALEGOS

Fai ben tempo que me anda bulindo no miolo o facer unhas comentarios en col da labor que veñen facendo os chamados Coros Galegos.

Non se pode negar—é isto está dito milleiros de veces—que os Coros fixeron nos seus comezos unha fonda labor galeguísta, que era debido a un pouco d'ambiente que tamén había, conseguiron que os nosos mozos e mozas ao voltar das festas e romaxes non canten aquelas chulaperías de mal gusto e peor sonsonete, e que hoxe vexamos con grande ledicia e contentamento por parte de todos que voltamos aos tempos en que nos nosos adros se ouza o alalá que as veces somella un berro de loita ao ir acompañado d'un barudo aturuxo que cuase nunca fica sen contestar.

Ben está todo isto, é para esos primeiros pasos, lles non faltou aos Coros, ni os aprausos, nin as loubanzas por parte de quen es temola obriga de atender o rexurdimento das cousas da Terra, mais agora que xa os Coros saben andar soios, agora que xa os Coros ven como a xente acode aos Teatros os días de función, agora repito: os Coros debían ir pensando en facer algunha cousa que sexa capaz de que este rexurdimento folk-lórico figurase n'a historia de Galicia que algún día terá que se escribir.

A min dame pena o ver pasar un ano tras outro, unha función tras outra e ver como imos cada ver peor.

Hoxe temos en Galicia unhas vinte Coros que non deixarán labor galeguizante algunha, e para que chegue a

a coñecemento d'aquelas xentes certas cousas que fixeron algúns d'eles vou referir algúns casos concretos que falan ben ás craras da labor que fan.

Comenzaron os Coros co-a monomanía de se dar a coñecer en Madrid, pobo que non nos pode comprender, salvo o fato de galegos máis ou menos galegos que na vila poidan existir, e ao ir aló a maioría d'eles non fixeron outra labor máis outa que o pôrnos en ridículo con cada representación que daban e houbo algún Coro que no seu afán de facer máis que os outros chegou a argallar no cativo estanque do Retiro—nada menos que unhas Caneiros— e para facer a festa máis *enxebre* chegaron a ir bebendo un mal viño en tiestos das prantas, porque eran de barro e non había cuncas; os comentarios folgan.

En Vigo un dos derradeiros días, espallaban pol-as rúas unhas anuncios tan enxundiosos que me non resisto a copial-o literalmente:

### “KU KLUS KLAN”

Salón de Baile

CALZADA GUIXAR, NÚMERO 2

El sábado día 8 a las diez de la noche se inaugurará este hermoso SALON DE BAILE lujosamente decorado. Durante los entreactos harán su deleite la famosa y sin rival pareja de bailes de

### “QUEIXUMES DOS PINOS”

con su afamado GAITERO

A verdade sexa dita que se non podía chegar a menos. Outros Coros no desexo de cantar pezas máis ou menos orfeónicas non dubidaron en perdel-o tempo en ensaiar obras en castelán e aínda houbo alguén que cantou en público «La Pepita» tampouco esto ten comentario.

Outro coro para lle dar sen dúbida máis amenidade ao espectáculo faille cantar a un rapaciño de unhas 10 anos unha especie de jotas baturras, que lle sentan que da xenio oubilas.

De este xeito podería decir moitas máis cousas que tan abafantes son que me non atrevo a decil-as. E xa non falemos da presentación; hai Coros nos que as rapazas saen con panos de percal estampados na cabeza de córes que nunca foron usados na nosa terra, outros nos que tamén as rapazas locen unhas *magníficos pendientes goyescos* de pasta branca e aínda non vén á unha rapaza que non saia co-as sus *patillas...* moi rizadiñas por certo.

Dos homes que diréi eu, cuáseque todos gardan n'ha infirmitade da que lles pode ter envexa o ejército alemán, uniformidade nos andares, uniformidade na vestimenta, nos paus e varas, que non hai un solo que se esqueza de leval-a e no único que os Coros se somellan aos nenos e no de facer a roda... para cantar.

Pero señor será tan imposible o facer algo que se poida diferenciar de todo isto, será tan imposible o facer o renovar estes malfadados Coros que nos xurden por todol-os currunchos e que con excepción do Coro Cántigas da Mariña—de Ribadeo— cairon todos no mesmo pecado.

¿Costará tanto traballo facer un Coro Galego en vez dos moitos Coros que se convertiron en número de *Varietés*?

FEDERICO ZAMORA.

# LECTURAS

## Céltiga - Buenos Aires

Recibimos os dous primeiros números d'esta revista de arte e letras adicada a estreitar lazos de unión entre Galicia e a Argentina dando a conocer canto a nosa Terra ten de bon na paisaxe, costumes, literatur e arte.

E dina de gabanza a boa intención dos organizadores de tan fermosa revista, que está moi ben editada, inda que quixeramos ver n'ela mais traballos dos nosos escritores, d'aquela que se produciron na propia fala da Terra, consagrandoa coa beleza das páxinas groriosas que escribiron.

Agardamos que en números sucesivos non deixarán de adicar unha preferente atención á literatura caraterístca da rexión galega, e á vida enxebre que loita contra a perxudicial unificación que todo o afoga, para resprandecer e afinar a persoaalidade de Galicia.

Desexamos a *Céltiga* unha vida próspera e grandes triunfos en favor da Terra.

## Libredón

Ven de aparecer o primeiro número d'esta recadádiva que en Compostela dirixe o novo e culto escritor galego Xavier Pardo. Atentamente adicado pol-o seu autor recibimos un exemplar que moito agradecemos. Pubrica unha fermosa noveliña da que é autor que leva por título «Mariña Andrade».

Dende que se anunciou a publicación de esta biblioteca agardábase con fonda impacencia a súa saída xa que de publicacións d'esta crás estamos moi necesarios e aínda mais nos momentos actúas que coidamos deben ser de moito traballo para os que de cote pensamos na exaltación dos nosos valores e da nosa cultura propia. Traballos como «Libredón» son necesarísimos e din sempre moito en favor da cultura galega.

«Mariña Andrade» é unha obra fermosa, ben pensada e ben escrita que revela as grandes condicións do seu autor para estes traballos. Quen para comenar da a luz un traballo como o que nos ocupa, fai confiar en que no sucesivo pode contribuír grandemente, con porveito e con acerto ao desenrolo e afianzamento da nosa literatura.

Dende a desaparición inxustificada de «Céltiga» estaba facendo falla a continuación d'estes traballos que repetimos son de gran importancia. E ao fin, e alegrámonos fondamente d'elo, aquel valeiro vai ser debidamente ocupado, pois ademais de «Libredón» non tardará en sair «Lar» e con estas dúas publicacións xa os escritores poden ter voceiros axeitados e a propagación e vigoración do noso idioma ganará moitísimo.

Saudamos con intenso agarimo a «Libredón» e facemos votos porque conquira unha longa vida xa que é obra que moito nos convén e interesa. Pol-o intrés da nosa cultura e preciso que seus editores non desmaien en tan patriótica labor.

## El Ebro

Despois d'uha longa suspensión na súa publicación, volvemos a recibir esta notabre revista aragonesa de cultura e enalación rexional que ve a Luz en Zaragoza.

Folgámonos moito de ver novamente entre nós o xornal aragonés que alenta os mesmos ideás que nós sostemos na nosa Terra.

## Memorias d'un cazador de elephantes

A biblioteca da nosa Irmandade vaise enriquecendo de cote coas obras que os nosos amigos enviamos de todas partes; mais, sobre todo da nazón irmã. Portugal, é de onde veñen mais á miúdo libros d'un grande valor que fan da biblioteca da Irmandade unha das mais ricas da rexión en exemplares notabres das letras portuguesas.

O admirado poeta, noso querido amigo, e colaborador, Teixeira de Pascoaes; figura entre os mais leídos e os mais estimados, así como o grande pensador e orador elocuentísimo Leonardo Coimbra. A notabre autoloxia portuguesa dirixida por Agostinho de Campos forma unha colección fermosísima e valiosa; e grande número de obras debidas aos poetas e novelistas de mais sona eu Portugal figuran tamén na nosa biblioteca.

E non sômente obras literarias chegan á nós. Libros de ciencia, de arte; libros didácticos e relacións de aventuras veñen tamén ás nosas maus que sempre os acollen con agarimo e cón satisfacción.

Hoxe temos que falar d'un libro de aventuras, un libro escrito, admirablemente escrito, por Joao Teixeira de Vasconcelos Titulase «Memorias d'un cazador de elephantes», e nas suas 190 páxinas cheas de sinxeleza e emoción onde se relatan as cazadas de elephantes que o autor fixo durante os seus dez anos de permanencia en Angola, hai tamén episodios dramáticos, como a morte do fiel guía Gatica estrozado por un dos formidabres paquidermos, a de Macta outro negro que foi sepultado baixo as enormes patas d'outro elefante.

Despertan estas aventuras de caza grande interés porque, ademais das escenas venatorias tan ben descritas, contén moitos detalles e curiosas pinturas de como se desenvolve a vida naquelas rexións africanas. e das costumes dos negros.

O libro ten un prólogo do noso amigo Raul Brandao, e está moi ben edificado, e ilustrado con 32 fotografuras, pol-a Editorial Maranus de Porto.

## Liñas de loito

Motivan éstas, o falecemento dos nosos irmáns D. Jesús Fernández e D. José C. Juncosa acaecido no pasado mes. Os dous pertencían á Irmandade dende a súa fundación e aínda que non se distinguiron con unha autuación conosciada eran dous galegos de corazón que tiñan a fala o seu intenso e profundo galeguismo.

Con grande pena lamentamos a desaparición d'estos queridos irmáns e enviamos ás suas distintas familias a a expresión do noso pesar sinceiro e sentido.

## En poucas verbas

Con motivo da festa do Centenario de Gamoens, un diario da Cruña publicou unha poesía que o grorioso poeta escribiu en galego.

Pero publicouna traducida ao castelán.

Apareceu un Compendio da Historia de Galicia, publicado na Habana.

Certo xornal coruñés loubando a tal obra como se fose a primeira que se fai, dixo «que no ha sido un residente en Galicia quién sintió la falta del Compendio y acudió a remediarla, sino un ausente».

Desconocemos o tal Compendio; pero conoscemos o feito por D. Manuel Murguía xa hai un bon lote de anos e editado en Vigo, o Rexume da Historia de Galicia. por D. Florencio Vaamonde, editado na Cruña por Carré Aldao; e finalmente as «Nociones de Historia de Galicia» por D. José María Rodríguez, de Pontevedra.

E todos residentes en Galicia.

Hai pé de crítico que mesmo dá *guenio*.

Sempre por rebaixar o mérito do que se fai *na casa*. Inda que os de fora non fagan mais que copiar aos *de dentro*.

¡Ou quizais saben tanto, que se pasan de listos!



# Vida Marítima e Comercial

**Sud-Atlantica** Sobriños de José Pastor

**BANQUEIROS**

## Chargeurs Reunis

PROXIMAS SALIDAS

Para os portos do Brasil, Montevideo e Buenos Aires dos modernísimos trasatlánticos rápidos de 16.000 toneladas de desplazamento, 10.000 cabalos de forza e dous hélices.

**Precios en terceira crase (Incluídos impostos)**

(Suxetos as variacións do cambio e sin impostos.)

**TERCEIRA PREFERENCIA**—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salóns de conversación e café cuberto, independentes. Precio n-esta clase: é o corrente de terceira mais un suplemento de 125 ptas.

**TERCEIRA EN CAMAROTE**—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salóns de conversación e cantinas: o precio de 452'60 ptas, incluídol-os impostos.

Remitiránse fotografías d'estas instalacións a quen aspida.

Facilitarán toda crás de informes os seus Axentes xenerales en Hespaña: ANTONIO CONDE, FILLOS.—Plaza de Orense, 2-A.—Telegramas y telefonemas *Chargeurs*.

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Almacés de ferros, aceiros, metás, ferramentas e toda crás de ferretería

**Fernández, Torres y C.ª**

**Casa central: A CRUÑA**

Linares Rivas, núm. 12

SUCURSAL: Cantón Pequeno, 9 e 10


Teléfonos... { Urbano 75 e 78  
Interurbano 49

**VIGO**

Urzáiz, número 1

Teléfono 253

## a mais importante do Norte de Hespana



escrusiva de

**"Royal Doulton Potteries"**

primeira fábrica de Inglaterra

**V.ª de Novoa**

Visitade a exposicion permanente en

**Payo Gómez, 9**  
LA CORUÑA

## Os viños e coñás millores

os que exporta a casa PEDRO DOMEcq de Xerez da Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouthe mais selecto

de mundial e reconocida sonda é o Cinzano (Torino).

## Para viños de mesa

non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

**R. López de Heredia (Haro)**

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA—MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

**José C. Juncosa**

Galera 39 e 41 - 2.º piso—A Cruña

## Sombrerería LEMUS

SAN ANDRÉS 74

A CRUÑA

# BANCO HISPANO AMERICANO

==== MADRID ====

Capital: 100 millóns de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

### SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcóy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Jávita, Jaén, Jérez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérica, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tarrasa, Tuleda, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza,

Compra e venda de valores hispanos e extranxeiros.—Custodia de alhaxas e valores.—Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras.—Cartas de creto, e xiro sobre todol-os países.—Cobro e desconta de letras.—Préstamos e contas de creto sobre valores nacionaes e extranxeiros.—Contas correntes en pesetas nas que abono intreses aos tipos seguintes:

2	por	100	ao	ano	nas	cartas	disponibles,	á	vista.
2 1/2	por	100	id.	id.	id.	id.	a	3	meses data.
2 3/4	por	100	id.	id.	id.	id.	a	6	id.
3	por	100	id.	id.	id.	id.	a	1	id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.

# Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BOS AIRES

FUNDADA EN 1886

TEN SUCURSAES NOS PUNTOS SEGUINTEs:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTA FÉ, BAHÍA BLANCA, e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTIVIDEO

ENEUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA, E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacións bancarias nas condicións máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas extranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por	100
En Caixa de aforros, con libreta hasta 1.000 pesetas.	3	»	»
En prazo fixo de tres meses	3	»	»
Idem id. 6 meses	3 1/2	»	»
Idem id. un ano.	4	»	»
A máis prazo			convencional

Dirección telegráfica e telefónica: SPAINBANK.